



## Atención domiciliaria en secundaria

Como xa denunciámos no curso pasado a Consellaría de Educación, facendo uso de normativa publicada para paliar os posíbeis contaxios durante a época da pandemia, está derivando a atención que precisa o alumnado que non pode asistir aos centros educativos a unha atención virtual, ligada aos equipos AVA (Atención Virtual do Alumnado).

Desde a CIG-Ensino esiximos que se nomee profesorado de atención domiciliaria para atender estes casos, xa que é o profesorado de atención educativa domiciliaria quen elabora e coordina, xunto co profesorado titor e o departamento de orientación, un programa individualizado de atención educativa ao alumno ou alumna durante o tempo en que non pode asistir ao centro.

Desde o sindicato temos claro que a atención virtual é unha posibilidade que pode ser solicitada polas familias, pero non debe nin pode ser a solución xeral para todos os casos de alumnado que non pode asistir aos centros educativos, xa que pode crear un grave prexuízo na atención ao alumnado para o que a atención virtual non é unha opción. Consideramos que a presencialidade no ensino público é a maior garantía na igualdade de oportunidades e na atención á diversidade, polo que o ensino presencial debe ser unha prioridade para a atención do alumnado que se atopa nunha situación de vulnerabilidade por motivos de saúde.

Tamén queremos preguntar se hai algunha instrución por parte da administración para non considerar ao profesorado de **atención domiciliaria itinerante**, xa que nos consta que desde algunha inspeccións están a comunicarlle aos centros que non se consideran como tal e polo tanto non teñen dereito nin a liberación horaria polos traslados nin ao seu cobro.

**Vano trasladar o tema á dirección responsábel.**

## Baremo para os concursos de méritos

Recordámoslle ao director xeral de recursos humanos que a finais do curso anterior a Consellaría comprometeuse a traer á mesa unha proposta de baremo unificado para todas as convocatorias de postos vinculados a concurso de méritos. **Vaise facer.**

## Vacantes de catálogo

Xa denunciámos na anterior mesa sectorial que o goteo constante de vacantes que se van colgando neste curso non ten explicación ningunha xa que practicamente todas contaban con informes contundentes das direccións e incluso tamén de inspección, e polo tanto tiñan que ter saído xa no CADP. Está claro que a única explicación é a reacción que a administración tivo que facer polas **mobilizacións da CIG-Ensino e das Anpas** dos centros. Aínda así segue a ser insuficiente como o demostra o feito de que 642 centros solicitaron o programa PROA para paliar estas necesidades, e máis da metade, 340, quedaron fora. Nestas últimas semanas seguimos a ter concentracións por parte de moitos centros e resaltamos a que se fixo por parte da comunidade educativa do CPI Atios de Valdoviño, onde hai unha vacante de catálogo de PT que non se cubriu, logo da xubilación da titular no mes de abril, nin no CADP nin unha vez comezado o curso.

**Vano revisar.**

Agardamos que aínda que tarde, se proceda a sacar dita vacante canto antes, para garantir o funcionamento ordinario do centro, e ser respondan tamén todas as demandas dos centros para garantir unha atención a diversidade digna.

Para rematar con este “normal” comezo de curso como pode ser que haxa **unitarios** con alumnado de primaria que non teñan horas de especialistas de **Educación Física e Música**. Vaise dar solución?

**A organización inicial do curso dou máis problemas dos habituais polas novidades deste ano, segundo a administración.**

## Plan de igualdade

Na única reunión que se celebrou até agora para o plan de igualdade da Consellaría a CIG-ensino propuxo incorporar no regulamento de funcionamento a obriga de ter unha reunión mensual, proposta que non foi aceptada pola Dirección Xeral. Vemos agora que xa van tres meses do inicio do curso e a comisión negociadora non se reuniu de novo e os datos que se mandaron son moi escasos. Solicitamos que se convoque xa de xeito urxente a mesa de negociación do Plan de Igualdade.

**Esperan que antes de rematar o mes ter unha nova reunión.**

## Persoal administrativo

Solicitamos que o nos centros onde hai transporte escolar e comedor de xestión directa se nomee persoal administrativo aínda que non cheguen aos 350 alumnas.

Non dan resposta.

## Cobro aos tribunais das oposicións

Solicitamos información sobre cando van proceder ao pago das persoas que actuaron como membros dos tribunais das pasadas oposicións. Estanse pagando, houbo algúns casos que tiveron problemas e están as presidencias dos tribunais solucionándoos. Esperan pagar neste ano.

## Sexenios

Seguen a chegarnos á CIG-Ensino queixas sobre o atraso no cobro dos trienios e sexenios, principalmente nos que se consolidan por primeira vez, nalgún caso con atrasos de máis dun ano.

Esiximos á Consellaría de Educación que tome as medidas necesarias para que se regularice o pago dos atrasos indebidos de trienios e sexenios.

Van ter unha reunión para ver de axilizar o tema.

## Competencia dixital docente

Desde a CIG-Ensino demos traslado a varias peticións e suxestións referidas á resolución do 5 de xullo sobre procedementos para a obtención da acreditación da CDD e non tivemos resposta ningunha.

Así mesmo solicitamos formar parte da comisión de recoñecemento de CDD para ter información sobre o proceso e para darlle transparencia ao mesmo.

Solicitamos tamén que, unha vez rematado o proceso de recoñecementos de evidencias que está en marcha neste momento, se publiquen todas as modificacións que se levaron a cabo de forma unificada, xa que agora a información está en repartida en varios sitios.

## Decreto de formación

Vimos estes días o anuncio por parte da Consellaría de que someten a información pública que vai haber un novo Decreto de formación, polo que entendemos que xa hai un borrador e pedimos que se nos faga chegar aos sindicatos da mesa sectorial para a súa negociación. **Aínda están traballando no borrador, tan pronto o teñan será remitido ás organizacións sindicais e virá á mesa sectorial.**

## Listas de substitucións esgotadas

Que vai facer a administración coas listas nas que xa non hai persoal para substituír?

Como, por exemplo, sistemas electrotécnicos e automáticos ou algunha de conservatorios, nas que incluso o alumnado leva sen docente desde comezos do curso. **Están buscando solucións xa feitas por outras comunidades, xa que a xente se anota pero despois non queren traballar, van volver abrir a lista de Jazz entre hoxe e mañá.**

## Temas xa tratados e non respostados

★ Seguimos sen saber como considera a administración ao **profesorado das extensións das EOI** en canto a se ten que ser considerado itinerante, como así entendemos desde a CIG-ensino, e polo tanto descontar as horas que sexa preciso para o desprazamentos e aos pagos correspondentes. **Van dar resposta.**

★ Tampouco temos información do **departamento de Portugués do IES San Paio de Tui.**

★ A Consellaría quedou tamén de darnos traslado das **vacantes do concurso de adultos e dos EOE** que hai neste momento. **Van envialas.**

★ Solicitamos tamén en varias ocasións a identificación e relación das **prazas estruturais**, cunha revisión na Mesa Sectorial, e seguimos sen resposta. Entendemos que é urxente facelo canto antes para poder determinar cales teñen que saír como vacantes xa neste CXT. **Aínda están traballando na detección das prazas.**

## OS NOSOS LOCAIS

### SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

### A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

### BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

### MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

### FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

### LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

### OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

### PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

### A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

### VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

### VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

### SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal